

ESTUDOS SUPERIORES DE DESEÑO

ESPECIALIDADE: DESEÑO DE MODA

RÉXIME DE ESTUDO

Convocatorias

Dispónse de catro convocatorias para superar cada materia, salvo para o proxecto final de carreira, que serán dúas. En cada curso académico se dispón de dúas convocatorias, en xuño e setembro -salvo o proxecto final de carreira, que será en febreiro e xullo-. O alumno que esgote as convocatorias poderá solicitar unha convocatoria extraordinaria, por causa xustificada, no prazo de matrícula en setembro.

Pódese solicitar a anulación de convocatoria por causa xustificada un mes antes da convocatoria.

A permanencia máxima dun alumno/a na Escola para cursar unha especialidade de Deseño é de cinco cursos, sen contar o tempo que se precise para superar o proxecto final de carreira

Avaliación

A avaliación das distintas materias será continua. A asistencia do alumno ás clases é obrigatoria.

A avaliación será diferenciada para cada materia, cualificándose de 1 a 10 sen decimais.

Promoción

Para poder promocionar de curso os créditos das materias pendentes non poderán superar o 25% do total dos créditos do curso ao que se queira acceder.

O alumno que promocioe de curso debe matricularse de tódalas materias dese novo curso máis de tódalas materias de cursos anteriores non superadas.

O alumno que repita cursará obrigatoriamente tódalas materias non superadas, salvo que esgotase as convocatorias.

Materias chave

Proxectos básicos	Proxectos de deseño de moda I
Taller de tecnoloxía dixital	Taller de tecnoloxía dixital aplicado ao deseño de moda
Tecnoloxía téxtil I	Tecnoloxía téxtil II
Tecnoloxía da confección I	Tecnoloxía da confección II
Proxectos de deseño de moda I	Proxectos de deseño de moda II